

FICHA DE INSCRICIÓN

Inscríbete na XIII edición de Quilómetros de Solidariedade.
Cubre a inscrición e envíanola antes do 21 de outubro de 2016.

- Inscríbete na web www.savethechildren.es/inscribetekm
- Envía a ficha por email a carrera@savethechildren.org
- Envíala por fax ao 91.552 32 72
- Chama ao teléfono 91.513.05.00

ID Centro

[Por favor, completa os seguintes datos para axudarnos a arranxar mellor a actividade con vós.]

Coordinador da actividade

Nome e apelidos
Email
Cargo ou materia Teléfono

Profesor participante

Nome e apelidos
Email
Cargo ou materia Teléfono

Profesor participante

Nome e apelidos
Email
Cargo ou materia Teléfono

Datos do centro (Por favor, indicanos os cambios que se produzan nestes datos)

Nome
Enderezo CP
Vila Provincia Teléfono
Email

Nº de alumnos participantes (aprox)

Profesores participantes

Materiais para os corredores

Dorsais
Diplomas
Carné de corredor

(Por favor, sede o máis exactos que poidades nas cantidades que precisades. Deste xeito poderemos xestionar mellor os materiais. Se non precisas algún dos materiais sinala cun cero na casa que corresponda).

Tes algunha dúbida sobre como encher a inscrición? Contacta connosco a través do teléfono 91 513 05 00

En virtude da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Informámoste que os seus datos persoais quedarán recollidos nun ficheiro titularidade da Fundación Save the Children, con domicilio na c/Doctor Esquerda, 138, 2º andar, 28007 Madrid, co fin de realizar a xestión administrativa así como para manterlle informado sobre as actividades solidarias. En cumprimento do artigo 11.1 da LOPD informámoste que os seus datos persoais poderán serlles comunicados ás administracións públicas con competencia na materia e a terceiros con fins de investigación e mellora. Vostede pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición remitindo por escrito ao enderezo indicado anteriormente.

REGA A VIDA E A EDUCACIÓN DE MILLEIROS DE CATIVOS E CATIVAS

A educación é a nosa prioridade. Nas zonas máis afectadas polas secas en países coma Etiopía, **milleiros de cativos e cativas perderon o seu dereito á educación porque as escolas están pechadas.** Esta situación ten un impacto moi forte na infancia, no só a curto prazo, mais tamén na súa futura vida adulta. A falta de auga aféctalle á saúde dos cativos e ás súas familias, provoca carencia de alimentos e dificulta o seu acceso á educación. Tanto estudantes coma profesores teñen que dedicarlle máis tempo a buscar auga en lugares cada vez máis remotos, coimar o gando ou conseguir alimentos.

Familias enteiras coma a de Bishara* en Etiopía vense obrigadas a desprazarse lonxe das súas casas para acceder á auga e aos alimentos. Para milleiros de cativos e cativas coma ela supón deixar as súas comunidades e abandonar o colexio. O risco de desnutrición é unha realidade para milleiros de cativos e cativas en Etiopía hoxe.

Bishara, coma todos os cativos e cativas do mundo, ten dereito a sobrevivir, recibir unha educación e estar protexida perante a violencia. Xuntos loitamos para facelo realidade.



O acceso á auga potábel fai que Bishara estea máis protexida.



As colleitas e o gando fornecen alimento e un medio de vida á familia de Bishara.



O acceso á auga potábel impide que Bishara adoeza.



Bishara pode seguir asistindo á escola e recibir unha educación aproveitando ao máximo as súas oportunidades.



Se aseguramos o acceso á auga potábel dos cativos e cativas máis vulnerábeis, estaremos asegurando o seu dereito a sobrevivir, aprender e estar protexidos.

Foto: Kijle Degraw/Save the Children



QUILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE



Save the Children

XIII Edición Carreira Escolar
a prol dos dereitos dos cativos e das cativas

Participa!

CARREIRA ESCOLAR A PROL DA SUPERVIVENCIA INFANTIL



“É unha festa solidaria pensada para apoiar aos cativos máis desfavorecidos onde desaparece a competición ou o proveito persoal. Ese día vivese e respírase un ambiente especial”.

Ferran Orellana,
La Escuela Rosella
en Viladecavalls (Barcelona)

Xuntos loitamos para que os cativos e cativas menores de 5 anos poidan sobrevivir en países coma Etiopía, Níxer ou Burkina Faso.

COMO ACADALO

Apoiando proxectos de acceso á auga potábel dos cativos e cativas máis vulnerábeis. Cando aseguramos o acceso á auga aseguramos tamén a supervivencia infantil. Levamos 13 anos propoñéndolles aos centros de ensinanza unha carreira solidaria na que participen alumnos e alumnas de 3 a 18 anos. O segredo: **Cativos que axudan a outros cativos.**

QUE É KILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE

É un proxecto educativo, deportivo e de traballo en valores de balde que poden realizar todos os centros co apoio didáctico e material de Save the Children.

OBXECTIVOS DE KILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE

- Acadar entre todos un obxectivo moi ambicioso: que ningún cativo ou cativa morra por causas evitábeis antes de cumprir os 5 anos.
- Colaborar a través do deporte nunha acción solidaria e educar en valores.
- Promover a participación infantil a través do seu compromiso e involucrar a toda a comunidade educativa para acadar un mundo máis xusto e solidario.



Colaboran:



POR QUE PARTICIPAR NESTA CARREIRA SOLIDARIA

Case que ¾ partes do planeta son auga: os ríos, os mares, a auga das nubes, os casquetes polares... Todos sabemos que a auga é esencial para a vida, mais a pesar disto o acceso á auga potábel para moitas persoas do planeta é un reto difícil de acadar.

Sobrevivir en rexións coma Afar en Etiopía é máis difícil:

- Unha botella de 1 litro de auga costa aproximadamente 1 Euro. Como vai poder mercala a xente que perde o seu medio de vida por mor da seca?
- A falta de auga nos momentos de maior seca provoca o peche temporal de escolas e que os cativos e as cativas abandonen as clases. Non se pode estudar con sede!
- O consumo de auga non potábel ou contaminada provoca nos cativos e cativas doenzas que son fáciles de evitar coma a diarrea.

AXÚDANOS A CONSEGUILO!

Participando na nosa carreira poderedes axudar para evitar estas situacións.



Con 10€

distribuímos pastillas purificadoras para que unha familia teña auga potábel durante oito meses.



Con 40€

construímos unha instalación de auga nunha escola.



Con 85€

trasladamos un neno con desnutrición severa a un centro de estabilización onde recibe tratamento.

COMO ORGANIZAR A TÚA CARREIRA



1. Inscríbete de balde

Inscríbete e recibe de balde o material para preparar e realizar a carreira.



2. Recibe os materiais.

Save the Children envíalle os materiais ao alumnos (dorsais, diplomas e carné do corredor) e o material didáctico para o mestre.



3. Converte unha xornada educativa en solidaria

O centro decide cando e como organizar a carreira. Datas coma o 20 de novembro ou o 30 de xaneiro poden ser un bo momento para celebrala.



4. Únete á loita a prol da supervivencia infantil

Os alumnos e alumnas buscan patrocinadores e apúntanos no seu carné do corredor. Após a carreira, recadan os cartos, entréganllos ao mestre responsábel e o centro ingresa o total a Save the Children.



5. Constrúe unha sociedade máis xusta coa túa clase

O centro recibe un diploma de agradecemento e material didáctico que explica o destino do recadado na carreira solidaria. Cando finalice o curso, os centros participantes reciben unha memoria do resultado da actividade.

Tes máis preguntas sobre como apuntarte e organizar a carreira?
Visita a nosa web www.savethechildren.es/kilometros
ou chama ao 91 513 05 00